



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2023000005806
Referencia: BINV-AH/2023

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2023 – ÁREA DE ARTES E HUMANIDADES

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES.-

Por resolución da presidencia número 30161, do 1 de agosto de 2023, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas investigación 2023, na área de artes e humanidades, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes alegacións ou emendas:

*Andrea Davila Rubio

Solicitou a revisión da súa puntuación no apartado de currículo vitae.

De acordo co informe emitido polo tribunal con data do 22 de agosto de 2023, procede modificar a puntuación inicial por non terse valorado o título de de mestrado que figuraba achegado ao expediente como documentación adicional, polo que a puntuación definitiva do curriculum vitae é a seguinte:

Doctor 1 pto	Mestrado 0,75 ptos	Proxectos I+D+I (Ata 0,6;01/u)	Publicacións (Ata 0,6;01/u)	Comunicacións (Ata ,5;01/u)	Estancias (Ata 0,6;01/u ES o 0,2 EXTR por mes)	Idiomas (Ata 0,2;01/u)	Total CV
	0,75	0	0,2	0,1	0,6	0,1	1,75

A modificación na puntuación do currículo vitae, modifica a puntuación total da solicitude que pasa a ser de **7,72 puntos**.

Esta puntuación sitúa a solicitante na quinta posición, polo que pasa a ser beneficiaria dunha das seis bolsas, alterando a orde de persoas titulares de bolsa e suplentes.

*Ángeles Díaz Seoane

Con data do 8 de agosto presentou un escrito solicitando a revisión da puntuación e achegado nova documentación acreditativa dos méritos que figuran no curriculum.

Esta nova documentación non pode terse en conta na fase de alegacións, polo que o tribunal emitiu informe ratificando a puntuación, o que lle foi notificado á interesada.

***Noelia Pérez Martínez**

Detectouse un erro na puntuación de Noelia Pérez Martínez que figura na concesión provisional das bolsas de investigación o que lle foi notificado á interesada.

A desagregación correcta da súa puntuación é a seguinte:

Proxecto de investigación	Currículum vitae:	Expediente académico	Total
3,70	1,05	2,43	7,18

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro Estimar as alegacións presentadas por Andrea Davila Rubio.

Segundo.- Desestimar as alegacións presentadas por Ángeles Díaz Seoane.

Terceiro.- Corrixir a puntuación acadada por Noelia Pérez Martínez.

Cuarto.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: PÉREZ SANCHO, ÁLVARO BENEDICTO

NIF: ***1944**

Expediente: 2023000020627

Obxecto da bolsa: *Investigación da rede administrativa e da comunicación política en Galicia durante o antigo réxime e inicio do réxime liberal a través do estudo integral e comparativo do sistema de veredas e boletíns oficiais da provincia (séculos XVIII-XIX)*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: CISNEROS PÉREZ, XOSÉ RAMÓN

NIF:***9510**

Expediente: 2023000020637

Obxecto da bolsa: *O Museo 3.0 en Galicia: redes sociais e medios dixitais na difusión do patrimonio museístico*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: FRAGA PÉREZ, SARA

NIF:***4484**

Expediente: 2023000020647

Obxecto da bolsa: *Tomar o relevo: os museos como contextos de transmisión do patrimonio inmaterial*

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: FONTÁN BESTILLEIRO, DAVID

NIF:***6701**

Expediente: 2023000020697

Obxecto da bolsa: Sustentabilidade histórica e memoria biocultural dos agroecosistemas da Galicia Atlántica (século XVIII – século XXI)

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: GÁNDARA PORTEIRO, ALEJANDRO

NIF:***0473**

Expediente: 2023000020696

Obxecto da bolsa: Galician Beats. Cara a popularización da música electrónica galega (2010-2023)

Importe da bolsa: 10.000 €

Titular da bolsa: DAVILA RUBIO, ANDREA

NIF:***8696**

Expediente: 2023000020207

Obxecto da bolsa: Corpo, materia e afecto nas novas prácticas artísticas da escultura contemporánea española (2000-2023)

Importe da bolsa: 10.000 €

Quinto.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente primeira: García López, Marina

Suplente segunda: Díaz Seoane, Ángeles

Suplente terceira: Pérez Martínez, Noelia

Suplente cuarto: Viz González, Jorge

Sexto.- Tendo en conta que as bolsas convocadas na área de artes e humanidades son cinco, ás que se engade unha bolsa da área de enxeñería e arquitectura por falta de solicitudes, **realizar as seguintes operacións contables**, na aplicación: 0612/3262/481

Documento contable: A/

Número do documento contable: 220230007627

Importe: 10.000,00 €

Área: BINV-EA

Documento contable: RC/

Número do documento contable: 220230004776

Importe: 10.000,00 €

Área: BINV-EA

Documento contable: RC

Número do documento contable: A emitir

Importe: 10.000,00 €

Área: BINV-AH

Documento contable: A

Número do documento contable: A emitir

Importe: 10.000,00 €

Área: BINV-AH

Sétimo.- Logo de facer as operacións sinaladas, **dispor o gasto** das bolsas concedidas, por importe total de 60.000,00 €, con cargo á aplicación 0612/3262/481, de acordo co seguinte:

Documento contable: A

Número do documento contable: 220230007627

Importe: 50.000,00 €

Documento contable: A

Número do documento contable: A emitir

Importe: 10.000,00 €

Oitavo.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación.

Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.